

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O REFORZO DOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CIGUS)

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2022

COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, (Consellería) nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño) en representación desta, en virtude das facultades que lle

confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) (UDC, USC e UVIGO) son entidades que forman parte do sector público institucional que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

Que as universidades do SUG teñen como un dos seus obxectivos a busca da calidade científica e a materialización da transferencia tecnolóxica a partir de resultados científicos para a mellora do sistema económico e o benestar da sociedade galega. Para isto contan con infraestruturas científico-tecnolóxicas e capital humano, claves para lograr esta calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Formación Profesional, Educación e Universidade en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- Que as universidades son os axentes galegos que mellor compiten internacionalmente en programas de apoio á I+D+i respecto das empresas e centros tecnolóxicos, o que demostra a súa capacidade de xerar e difundir coñecemento. Conscientes do protagonismo central que se lle concede desde a Comisión Europea no Horizonte Europa (HE) 2021-2027, no programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e no Espazo Europeo de Investigación cómpre reforzar os Centros de investigación universitaria co fin de atender os desafíos que debe afrontar o sistema galego de innovación nos novos programas operativos da Unión Europea.

CUARTO.- Que a a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3) aspira a consolidar un modelo de crecemento inclusivo e sostible situando á I+D+i como factor clave para garantir a competitividade da economía e a capacidade da sociedade galega para responder ás transformacións globais e aos retos sociais. Concretamente unha sociedade comprometida coa innovación, capaz de adaptarse aos cambios e responder aos seus retos, que camiña cara a maiores niveis de calidade de vida a través da ciencia, a investigación e a innovación.

QUINTO.- Que a acción deste Convenio é coherente coa planificación económica estratéxica e intégrese no Plan Estratéxico de Galicia 2022-30, no Eixo E3 competitividade e crecemento, na prioridade de actuación PA1 de mellora e fortalecemento da capacidade investigadora das universidades, e no Obxectivo operativo 6 de impulso o desenvolvemento da investigación.

SEXTO.- Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e as Universidades galegas avanza nunha estratexia que permita a Galicia contar con centros e Institutos de investigación máis fortes e capaces de actuar como axentes tractores no Sistema Galego de I+D+i.

SÉTIMO.- Que desde o ano 2016 a Xunta de Galicia propicia creación e posta en marcha de estruturas científicas de carácter supragrupal con potencial para conformar polos de excelencia, en ámbitos de interese estratéxico para a Comunidade Autónoma e inicia o Programa de Centros Singulares de Investigación universitaria.

OITAVO.- Que no ano 2019 a Xunta de Galicia realiza unha convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, sendo o instrumento mediante o que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades implementou axudas para o fortalecemento institucional dos centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), co fin de consolidar un sistema científico máis competitivo a nivel estatal e europeo, incrementando o seu atractivo para a atracción de talento investigador e, mellorando así a posición das universidades galegas nos ránking internacionais.

Esta convocatoria financia os proxectos estratéxicos de investigación das unidades acreditadas durante o período 2019-2022 para fortalecer as súas capacidades científicas

Na resolución da Convocatoria acredítanse como Centros de Investigación do SUG, e reciben axuda económica pola contía que se indica os seguintes centros:

Universidade da Coruña:

Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC)

Universidade de Santiago de Compostela:

Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)

Centro de Investigación en Medicina Molecular (CIMUS)

Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS)

Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)

Universidade de Vigo



Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicacións
(atlantTic)

Centro de Investigacións Biolómicas (CINBIO)

Centro de Investigacións Mariñas (CIM)

Universidade	Centro de investigación do SUG	Cualificación	Importes (en euros)				TOTAL
			2019	2020	2021	2022	
UDC	Centro de investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC)	C	7.777,78	733.333,33	733.333,33	733.333,33	2.207.777,77
USC	Centro de Investigación en Medicina Molecular y Enfermedades Crónicas (Cimus)	B	9.333,33	920.000,00	920.000,00	920.000,00	2.769.333,33
USC	Centro singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (Ciqus)	A	9.666,67	960.000,00	960.000,00	960.000,00	2.889.666,67
USC	Centro singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (Citius)	C	7.777,78	733.333,33	733.333,33	733.333,33	2.207.777,77
USC	Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)	A	10.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	3.010.000,00
UVigo	Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio)	C	7.111,11	653.333,33	653.333,33	653.333,33	1.967.111,10
UVigo	Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM-UVigo)	C	6.111,11	533.333,33	533.333,33	533.333,33	1.606.111,10
UVigo	Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic)	D	5.222,22	426.666,67	426.666,67	426.666,67	1.285.222,23
Subtotais			63.000,00	5.959.999,99	5.959.999,99	5.959.999,99	17.942.999,97

O artigo 19 de dita orde establece as condicións polas que se avaliará o rendemento das unidades financiadas antes do remate da axuda, facultando á Secretaría Xeral de Universidades para emitir instrucións ao respecto.


O procedemento da avaliación instrumentouse a través da Instrución 2/2022 da Secretaría Xeral de Universidades para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento dos centros de investigación do SUG.

O resultado do proceso de avaliación materializarase en dous tipos de valoración: cuantitativa y cualitativa. A valoración cuantitativa expresarase nunha escala de 0 a 100 e para a determinación da valoración cualitativa, aplicaranse tres cualificacións: que se corresponderá coa seguinte escala:


- A** Centros que teñen demostrado unha evolución crecente.
- B** Centros que teñen demostrado unha adecuada progresión.
- C** Centros que non teñen demostrado unha adecuada progresión nos últimos anos.

O punto 8 da Instrución 2/2002 recolle que as cualificacións A e B permitirán supor que o centro ten acadado os obxectivos que se propoñan e, en consecuencia, a súa avaliación de rendemento entenderase favorable.

Unha vez finalizado o procedemento de avaliación, realizado por unha comisión de avaliación conformada por 12 avaliadores alleos ao SUG, o resultado foi:



Centro	Universidade	Valoración cualitativa	Valoración cuantitativa
CIQUS	USC	A	87
IGFAE	USC	A	84
CIMUS	USC	B	77
CITIUS	USC	B	77
CINBIO	UVIGO	B	73
CITIC	UDC	B (-)	67
CIM	UVIGO	B (-)	66
atlanTTic	UVIGO	B (-)	60



A instrución 2/2022 establece no seu punto 9 que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá considerar esta avaliación nun futuro, se o estima oportuno e de maneira excepcional, para instrumentar algunha acción de apoio aos centros que obtivesen cualificacións A ou B.

Polo tanto, os 8 centros avaliados reúnen os requisitos e capacidades para acceder ao financiamento que se instrumenta neste convenio co obxectivo de garantir a actividade dos Centros de Investigación.

Partindo da base de que a concesión do ano 2019 asignou financiamento segundo os resultados obtidos polos centros no proceso de avaliación, estímase oportuno que este convenio fixe uns criterios de reparto que se sustenten tamén tomando como base a propia avaliación do 2022. Para este fin emprégase un dobre parámetro de medida expresado como segue:

Parámetro 1: Aplícase a aqueles centros que obteñen unha cualificación B con perspectiva negativa e supón unha diminución do 15% sobre a cantidade obtida por cada un deses centros nunha anualidade na convocatoria do 2019 calculada a 10 meses.

En aplicación deste parámetro as cantidades a asignar a cada centro serían:

Centro	Perspectiva	Cantidade anual convocatoria 2019	Cantidade equivalente a 10 meses	Puntuación obtida	Cantidade a asignar
CITIC	B (-)	733.333,33 €	611.111,11 €	67	519.444,44 €
CIM	B (-)	533.333,33 €	444.444,44 €	66	377.777,78 €
atlanTTic	B (-)	426.666,67 €	355.555,56 €	60	302.222,22 €
Subtotais		1.693.333,33 €	1.411.111,11 €	193	1.199.444,44 €


**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

Parámetro 2: para aqueles centros que obtiveron unha cualificación A ou B sen perspectiva negativa. Tómase como cantidade a repartir entre eles o resto entre a cantidade outorgada aos 8 centros nunha anualidade da convocatoria do 2019, normalizada a 10 meses (4.966.666,66 €), e a cantidade de 1.199.444,44 € asignada aos tres





centros do parámetro 1. Polo tanto, a cantidade máxima a repartir é de 3.767.222,22 €

Para distribuír esta cantidade súmanse o total dos puntos (398 pts.) dos cinco centros con cualificación A ou B sen perspectiva negativa e divídese a cantidade a repartir polo total de puntos para obter o valor do punto ($3.767.222,22/398=9.465,38$ €). De seguido, para cada centro, multiplícase o valor do punto polo número de puntos acadados.

En aplicación do anterior os importes que lle corresponden a cada centro son os seguintes:

Centro	Cualificación	Cantidade anual convocatoria 2019	Cntidade equivalente a 10 meses	Puntuación obtida	Cantidade a asignar
CIQUS	A	960.000,00 €	800.000,00 €	87	823.488,06 €
IGFAE	A	1.000.000,00 €	833.333,33 €	84	795.091,92 €
CIMUS	B	920.000,00 €	766.666,67 €	77	728.834,26 €
CITIUS	B	733.333,33 €	611.111,11 €	77	728.834,26 €
CINBIO	B	653.333,33 €	544.444,44 €	73	690.972,74 €
Subtotais		4.266.666,66 €	3.555.555,55 €	398	3.767.221,24 €

Este importe de 3.767.221,24 está dentro da cantidade máxima establecida anteriormente.

Consultadas as universidades do SUG, manifestaron a vontade de que se financien por medio deste convenio os Centros relacionados na táboa anterior e polas cantidades que nela se consignan.

SÉTIMO.- Polo anteriormente exposto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades do SUG coinciden en salientar a necesidade de fomentar as accións que conduzan a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa vertebración e posta en valor no marco do sistema de innovación.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto o establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades e as Universidades do SUG para o financiamento aos Centros de Investigación do SUG que lles permita manter a súa actividade investigadora.

As accións neste convenio recollen as liñas de colaboración coa UDC, USC e UVIGO para apoiar o financiamento dos proxectos estratéxicos de investigación dos centros CIGUS acreditados durante o período 2019-2022 e fortalecer as súas capacidades científicas

SEGUNDA.- Actuacións

As accións neste convenio recollen as liñas de colaboración coa UDC, USC e UVIGO para levar a cabo apoiar os Centros acreditados no ano 2019 e que na avaliación final acadaron a puntuación suficiente para obter o financiamento previsto no punto 9 da Instrución 2/2022, en tanto non se publique a nova convocatoria de concorrencia competitiva á que poderán concorrer os citados centros.

A axuda repartirase nas anualidades 2022-23, calculase en base ao concedido na Convocatoria do ano 2019 e a os resultados obtidos polos centros no proceso de avaliación de fin de Programa realizado neste 2022.

De acordo co explicitado no considerando oitavo deste Convenio as accións despréganse sobre os seguintes Centros:

Universidade	Centro	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Total
UDC	CITIC	10.000 €	509.444,44 €	519.444,44 €
USC	CIQUS	10.000 €	813.488,06 €	823.488,06 €
USC	IGFAE	10.000 €	785.091,92 €	795.091,92 €
USC	CIMUS	10.000 €	718.834,26 €	728.834,26 €
USC	CITIUS	10.000 €	718.834,26 €	728.834,26 €
UVIGO	CINBIO	10.000 €	680.972,74 €	690.972,74 €
UVIGO	CIM	10.000 €	367.777,78 €	377.777,78 €
UVIGO	atlanTTic	10.000 €	292.222,22 €	302.222,22 €
TOTAL		80.000 €	4.886.665,68 €	4.966.665,68 €

TERCEIRA.- Obrigas

Para esta acción a Consellería comprométese a contribuír ao financiamento dos gastos dos Centros de investigación necesarios para desenvolver a súa actividade investigadora cunha elixibilidade do gasto similar á establecida na Orde do 19 de setembro de 2019, agás aquelas restricións que viñan dadas pola natureza FEDER dos fondos que financiaban ditas axudas.

A UDC, a USC e a UVIGO comprométese:

a) A que os Centros de Investigación que se financian ao amparo deste convenio manteñan substancialmente a mesma capacidade científico-técnica que reflectían as memorias coas que foron avaliados no ano 2022, quedando excluída a posibilidade de variacións que supoñan a perda da masa crítica con respecto a ese momento que podan comprometer a súa viabilidade. Porén, durante a vixencia deste convenio os Centros poderán introducir cambios na súa composición e gobernanza de acordo coas seguintes regras:

- Poderán autorizarse cambios que veñan determinadas nas suxestións de mellora contidas no informe de avaliación do rendemento do ano 2022.
- Causas sobrevidas que aconsellen introducir cambios para un mellor desempeño da activade do Centro.

Estas modificacións, ademais da petición razoada, precisarán do informe favorable dos servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades.

b) A promover o desenvolvemento de capacidades e actividades de I+D nos ámbitos científicos obxectivo dos seus centros, asegurando o mantemento do nivel de excelencia e a posición competitiva na produción científica dos grupos de investigación que desenvolven a súa actividade nos centros. En particular a impulsar os mecanismos e accións necesarias para dar cumprimento as suxestións de mellora que reflicten os informes da avaliación realizada no ano 2022.

c) Levar a tramitación e adxudicación dos contratos que lle correspondan, así como o seguimento, control e supervisión dos proxectos que execute a Universidade no marco do presente convenio.

d) Garantir que as actividades derivadas deste convenio axustaranse ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda

e) Difundir e facer constar, de forma visible, a colaboración prestada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade nas comunicacións ou publicacións nas que se difunda información relativa ás actividades desenvolvidas para a execución dos proxectos obxecto deste convenio. En particular, empregar a normativa de imaxe dos centros CIGUS que estea vixente ao longo da vixencia deste convenio.

f) A aceptación deste convenio comporta para as universidades beneficiarias a obriga de presentar estes Centros á seguinte convocatoria do programa.



De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto as universidades non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade Autónoma ou sexan debedoras por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é catro millóns novecientos sesenta e seis mil seiscientos sesenta e seis euros con sesenta e seis céntimos (4.966.665,68€), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

	2022	2023	TOTAL
UDC	10.000,00 €	509.444,44 €	519.444,44 €
USC	40.000,00 €	3.036.248,50 €	3.076.248,50 €
UVIGO	30.000,00 €	1.340.972,74 €	1.370.972,74 €
Total	80.000,00 €	4.886.665,68 €	4.966.665,68 €

Esta cantidade de 4.966.665,68 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade do convenio.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- a) Custo de contratación de persoal propio e de nova contratación (persoal investigador, técnico e auxiliar de investigación e xestores de ciencia). Admítese o custo derivado da cofinanciación de programas competitivos de recursos humanos que así o esixan tales como os programas estatais Juan de la Cierva e Ramón y Cajal. Non se subvencionarán os custos de persoal que xa estean cubertos polas dotacións previstas na Lei de orzamentos xerais do Estado ou nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma. A contratación poderá ser a tempo completo ou parcial.

Queda excluído o persoal que desempeñe funcións administrativas. Tampouco poderá admitirse os custos de persoas que aínda vencelladas ao proxecto non o estean mediante unha relación contractual.

b) Formación científica que se desenvolva no marco do proxecto estratéxico do centro.

c) Custos de pequeno equipamento inventariable de nova adquisición. Dentro deste apartado considerarase:

- A instalación do equipamento, sempre que sexa estritamente necesaria para a súa posta en funcionamento.
- As licenzas e renovacións de licenzas de software se son de uso específico para as actividades específicas e non de uso xeral.

Neste punto non se considerarán os seguintes gastos:

- Instalacións de edificios (electricidade, climatización, redes de telecomunicacións...), e as que non sexan estritamente necesarias para o funcionamento do equipamento científico e técnico.
- Equipamento para espazos ou usos alleos ás actividades subvencionadas, como zonas de administración ou xestión, salas de reunións, despachos, mobiliario de oficina...
- Licenzas de software xeral.

d) Custo en material funxible

e) Custos de viaxe, axudas de custo e aloxamento do persoal adscrito proxecto para a actividade obxecto da axuda, sempre que a contía non exceda o 20 % da axuda debidamente xustificada anualmente. Este apartado abarcará unicamente: gastos de viaxe (por exemplo billetes, quilometraxe do vehículo, peaxes e gastos de aparcadoiro), custos de comida e de aloxamento nas contías máximas sinaladas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao


persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (actualizado por Resolución do 29 de decembro de 2005, DOG número 250, do 30 de decembro de 2005) para un grupo I. Non se considerarán neste apartado o persoal colaborador externo do centro.

f) Consultaría e asesoramento externo para a presentación de proxectos, a contratación de servizos externos entendidos como actividades prestadas por terceiros de forma puntual, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, consultarías, asistencias técnicas e servizos equivalentes para a execución das actividades investigadoras propias dos proxectos estratéxicos de investigación, informes técnicos, consultivos, tradución e corrección de textos científicos, publicación dos resultados de investigación en aberto (non son de aplicación nesta epígrafe os gastos de autoedición ou similares) e gastos asociados na publicación das memorias de actividades relacionadas co Proxecto Estratéxico


g) Gastos derivados das reunións do comité asesor externo (CAE), incluíndo gastos de viaxe, asistencia a reunións e elaboración de informes.

h) Actividades de divulgación e difusión, e material asociado, das actividades propias do Centro ou que nel se desenvolvan.

i) Gastos derivados da elaboración dun informe de auditoría da xustificación económica por cada centro que obteña financiamento en cada unha das anualidades nas que a axuda estea activa. O custo por este concepto non poderá exceder de 1.200 € durante a vixencia do convenio.



De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e do artigo 62 do seu regulamento poderanse realizar pagamentos parciais a conta da liquidación final nas condicións establecidas na normativa vixente e logo da presentación da documentación acreditativa que corresponda referida na epígrafe anterior.



Non obstante o anterior, en función do efectivo ritmo de execución das obras, a distribución de anualidades poderán ser obxecto de reaxuste en

función da dispoñibilidade orzamentaria existente en cada momento, sen que sexa precisa a autorización do Consello da Xunta cando non se supere o número de anualidades previstas no presente convenio.

Dado que a necesidade de garantir o financiamento destas estruturas é imprescindible para non comprometer a súa viabilidade técnica e económica, e tendo en conta que o seu recoñecemento procede dunha convocatoria de concorrencia competitiva que admite que os gastos de persoal dunha anualidade podan ser presentados para o seu pagamento na anualidade seguinte, e co obxecto de non interromper unha dinámica xa establecida, recoñeceranse gastos de salarios, seguridade social e IRPF dende o 1 de outubro de 2022. Os custes de salarios, seguridade social e IRPF da anualidade de 2022 poderán ser presentados para o seu cobro na anualidade de 2023. O restos dos gastos quedarán limitados a cada anualidade entre o 1 de decembro de 2022 e o remate da vixencia do convenio.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non estar pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.



CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, as universidades achegarán antes do 15 de decembro de cada anualidade:

Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumprira a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

Conta xustificativa que deberá incluír unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos e a memoria económica das actividades realizadas que, como mínimo, deberá detallar as actuacións descritas neste Convenio, cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante.

Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.

Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración

En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, un dos cales ostentará a presidencia.
- Un membro da Universidade de A Coruña
- Un membro da Universidade de Santiago de Compostela
- Un membro da Universidade de Vigo

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de outubro de 2022, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2023.

Se durante o período de vixencia se instrumentase outra fórmula de financiamento dos centros o convenio decaerá no momento no que, ao abeiro da novo instrumento, podan devengarse gastos. Aqueles centros que non obteñan financiamento no novo instrumento non poderán seguir imputando gastos a este convenio dado que o convenio decaerá con carácter xeral para todos os centros integrados neste convenio.

Non obstante o establecido nos parágrafos anteriores, este convenio poderá extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto o por algunha das causas de resolución establecida no artigo 51 da Lei 40/2015 de 1 outubro, no suposto de resolución por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por



incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o

fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).

Non obstante a UDC, a USC e a UVIGO deberán garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC, a USC e a UVigo consenten expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, a partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro,




xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO-PRIMEIRA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.



Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidade

Julio Ernesto Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña



Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de
Santiago (USC)



Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo